

# LINGUAXE NON-BINARIA E PARATRADUCIÓN: A NECESIDADE DE ESPECIALIZACIÓN

Carla Míguez Bóveda

SEMANA INTERNACIONAL DAS LINGUAS, AS LITERATURAS E A TRADUCIÓN  
3 DE OUTUBRO DE 2024

## A MIÑA INVESTIGACIÓN

- Elaboración dunha proposta gramatical propia tras consultar fontes formais e informais diversas
- Corpus limitado a tres novelas gráficas queer orixinalmente escritas en inglés e a súa tradución a castelán
- Principal hipótese: é necesaria a formación específica para traducir textos queer de maneira óptima?



## QUE É A LINGUAXE NON-BINARIA?

A linguaxe non-binaria (LNB) é a parte da linguaxe inclusiva ou non-sexista que se afasta dos binarismos de xénero para así incluír a todas as persoas na lingua.

### DIRECTA

- ★ Neomorfemas e neoloxismos
- ★ Específica o xénero gramatical
- ★ Non normativa

**LND**

### INDIRECTA

- ★ Reformulacións e epíctenas
- ★ Evita especificar o xénero
- ★ Normativa

**LNI**

### ESPECÍFICO

Falamos de persoas NB

### INDEFINIDO

Evita asumir o xénero

### XENÉRICO

Grupos mixtos

Empregaremos **LND** ou **LNI** segundo a situación comunicativa e a(s) persoa(s) a quen nos referimos. Un uso abusivo da LNI para evitar empregar o xénero correcto con alguén é tan irrespectuoso como malxenerizar.

## LNB NA TRADUCIÓN E NECESIDADE DE ESPECIALIZACIÓN EN TRADUCIÓN QUEER

- ◆ Traducir a ausencia de xénero marcado: cando traducimos de linguas como o inglés, que polo xeral non ten flexión de xénero. Para manter o mesmo efecto na nosa tradución, podemos empregar tanto LNI como LND.
- ◆ Traducir identidades non-binarias: se no orixinal nos topamos cunha destas identidades, debemos trasladala ao texto meta a través da LND. Traducila en masculino ou feminino sería incorrecto e empregar a LNI suporía ocultar o xénero manifesto dunha persoa.

Consideramos tradución queer aquela que ten fins didácticos ou visibilizadores, a que se enmarca en espazos seguros (asociacións, organizacións, grupos...) e aquela de autoría queer ou con presenza activa de personaxes do colectivo.

### Por que é importante especializarse para traducir textos queer?

A LNB é só unha parte do que atoparemos nos textos queer, xa que dentro do colectivo LBTTIA+ emprégase unha terminoloxía propia que algunhas investigadorís consideran mesmo un sociolecto. Do mesmo xeito que hai especialización para traducir textos xurídicos, científicos ou audiovisuais, os textos queer teñen elementos propios que non se poden coñecer se non hai unha formación específica.

Trátase, tamén, dunha cuestión ética e social: é moi importante visibilizar as diferentes identidades de xénero e sexuais do colectivo de maneira correcta e dar voz a aquelas persoas que foron (e aínda son) silenciadas.

No contexto galego, ademais, favorecemos tanto a normalización da LNB como, no caso deste estudo, a bibliodiversidade. Non só traemos novas obras ao noso sistema, tamén inspiramos a creación de obras novas de carácter queer. Isto é extrapolable a outros ámbitos, como pode ser o audiovisual.

## MORFOLOXÍA DA LND

O morfema flexivo de xénero neutro ou non-binario que consideramos máis adecuado é **-e**. Os programas de texto a voz non recoñecen o uso de certos elementos que ás veces usamos como neomorfemas [-@, -x, -\*]. O uso de vogais permite que este tipo de programas lea con claridade os nosos textos, á vez que evitan que un carácter poida ser interpretado segundo a suxestión de quen le.

Como alomorfe, para aqueles casos nos que a forma non-binaria coincide coa masculina, empregaremos **-i**. Partimos, salvo excepcións, da forma feminina e adaptámonos ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Por exemplo:

*galego — galega — galegue*  
*tradutores — tradutoras — tradutoris*

Os artigos e pronomes poden semellar complicados, mais mantemos o neomorfema **-e** como principal e **-i** como alomorfe. Algúns exemplos son:

| ARTIGO |     |    |
|--------|-----|----|
| MASC   | FEM | NB |
| O      | A   | E  |

| P. PERSOAL TÓNICO |     |     |
|-------------------|-----|-----|
| MASC              | FEM | NB  |
| EL                | ELA | ELI |

| P. PERSOAL ÁT. ACUS. |           |           |
|----------------------|-----------|-----------|
| MASC                 | FEM       | NB        |
| O, LO, NO            | A, LA, NA | E, LE, NE |

| PRONOME DEMOSTRATIVO |                   |                   |
|----------------------|-------------------|-------------------|
| MASC                 | FEM               | NB                |
| ESTE, ESE, AQUEL     | ESTA, ESA, AQUELA | ESTI, ESI, AQUELI |

## NORMATIVIZACIÓN?

No caso do galego, como lingua minorizada, consideramos importante que exista algún tipo de normativización da LND, sempre e cando se escoiten as propostas que veñen do colectivo e non exista hipercorrección da fala das persoas. Pensamos na normativización como ferramenta normalizadora.

## BIBLIOGRAFÍA

- Gómez, Rocío (2016). «Pequeño manifiesto sobre el género neutro en castellano. Primera edición» [Entrada blog]. *Lingua Ultra Finito*.
- López, Artemis (2019). «Tú, yo, elle y el lenguaje no binario». *La Linterna del Traductor*, 19, 142-150.
- Martínez Pagán, M. Begoña (2020). «El lenguaje inclusivo, parte de la ética profesional de la traducción: el papel liberador de la lengua en la creación de un mundo más justo». En Martínez Pleguezuelos, Antonio et al. (eds.) *MariCorners. Estudios interdisciplinarios LGTBIQ+*, 17-35.
- Moure, Teresa (2012). *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Platero Méndez, R. Lucas; Rosón Villena, María e Ortega Arjonilla, Esther (eds.) (2017). *Barbarismos queer y otras esdrújulas*. Barcelona: Ediciones Bellatera.
- Vasallo, Brigitte (2021). *Lenguaje inclusivo y exclusión de clase*. Barcelona: Larousse.

## SEGUE O MEU TRABALLO EN:

Instagram



LinkedIn



carla.miguez@uvigo.gal